

## As entidades de educación popular galega, vasca e catalá unen forzas pola diversidade lingüística

A declaración conxunta das escolas Semente, Ikastolas e Bressolas terá lugar o vindeiro 11 de xuño no Museo do Pobo Galego, nun acto presentado polo escritor Séchu Sende.

Por [Galicia Confidencial](#) | SANTIAGO DE COMPOSTELA | 07/06/2022 | Actualizada ás 14:15

As [Escolas Semente](#), xunto coas Ikastolen Elkartea de Euskal-Herria e La Bressola de Catalunya, unen forzas en favor das linguas propias e dun currículo "autocentrado". As tres entidades de educación popular rememoran o **pacto solidario trinacional** asinado por primeira vez en Barcelona, no 1923, e co que se recoñecen "promotoras dunha educación democrática, laica, pedagoxicamente renovadora, sen fins lucrativos e autocentrada nas respectivas realidades nacionais".



**A declaración conxunta terá lugar o vindeiro 11 de xuño**, ás 11:30 horas, no Museo do Pobo Galego, nun acto presentado polo escritor **Séchu Sende**, e no cal participaran representantes das tres institucións -Santiago Quiroga, Coordinador Nacional das Escolas de Ensino Galego Semente; Koldo Tellitu, lehendakari de Ikastolen Elkarte; e Eva Bertrana, Directora Geral de La Bressola-; e tamén membros e crianzas do proxecto Semente, así como a música **Guadi Galego**, que cerrará o acto cun canto á liberdade e á diversidade lingüística peninsular.

A alegación interinstitucional vindica o "**direito à educación nas línguas propias**, reclamando a eliminación das restricións lingüísticas no ámbito educativo, por limitarem as oportunidades das futuras xeracións de galegas, bascas e catalás", explican nunha nota asinada polas tres entidades. Do mesmo modo, resaltan a "**importância da diversidade cultural como parte fundamental dos alicerces para un desenvolvemento curricular específico**, favorecedor de valores interculturais e impulsor da diversidade epistemolóxica no Planeta".

No escrito, as entidades denuncian o "**incumprimento sistemático dos Estados español e**

**francés da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias**. Ademais, mostran preocupación pola "ingerencia dos Tribunais na planificación lingüística educativa", pois consideran que están a restrinxir a aplicación de "modelos plurilingües aditivos, com reconhecido prestixio científico internacional". Finalmente, realizan un chamado á "**construção dumha soberania educativa plena**, que permita blindar o exercicio do dereito universal a uma educación propia".

A xornada de irmandade internacionalista continuará na escola Semente cun xantar popular, ás 14 h.; un espectáculo de Circus Magnificus, ás 17 h.; e a partir das 18:30 h., palestras de Koldo Tellitu, Eva Bertrana, Olatz de Bilbao - Directora pedagógica da Bressola-,

Guillem Nivet Membro da Bressola- e unha mesa redonda sobre normalización das linguas minorizadas, moderada por Uxía Bolanho.